

ríodo voluntario das cuotas de Imposto Sobre Vehículos Tracción Mecánica do exercicio 2001. Dita cobranza efectuarase nas Oficinas da Recadación Municipal na pranta baixa do Concello, de 9 a 14 horas, de luns a venres, agás os recibos domiciliados e entidades de depósito.

Transcorrido o prazo de ingreso as débedas serán esixidas polo procedemento executivo, e devengarán o recargo de apremio, xuros de demora, e no seu caso, as costas que se xeneren.

Marín, 24 de xaneiro de 2001.—O Alcalde-Presidente, Francisco A. Santiago Fernández. 999

E D I T O

Durante o prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación co expediente tramitado a instancia de Ceferino Nogueira, S.A., solicitando licencia para instalación e apertura de nave cuberta para descargas no muelle comercial do Porto de Marín.

Marín, a 22 de xaneiro de 2001.—O Alcalde-Presidente, Antonio Santiago Fernández. 898

* * *

MOAÑA

A N U N C I O

A Comisión de Goberno en sesión de 6 de novembro de 2000, aprobou o Proxecto Técnico e Priego de Condicións Económico-Administrativas que rexirán o concurso aberto que no punto 2 indícase. Exponse ó público por término de 8 días e simultaneamente anúnciase a concurso para a presentación de propostas, aplazándose a licitación en caso de formular reclamacións ó proxecto ó Priego.

1. ENTIDAD ADXUDICANTE

Comisión de Goberno do Concello de Moaña.

2. OBXECTO DO CONTRATO

“Pavimentación varios camiños”, con presuposto de 11.756.101 ptas., e prazo de execución 3 meses.

3. TRAMITACION PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

Urxente, aberto e concurso.

4. CRITERIOS DE SELECCION

Os señalados no Prego, non admitindo baixas.

5. GARANTIAS

2% do precio da licitación na provisional e 4% do precio de adxudicación na definitiva.

6. PRESENTACION DE OFERTAS

13 días naturais seguintes a publicación deste anuncio no B.O.P. no rexistro xeral do Concello de Moaña.

7. APERTURA DE OFERTAS

No Concello ás 12:00 horas do día seguinte hábil a finalización do prazo sinalado para a presentación de proposicións, se fora sábado ou festivo o día seguinte hábil.

8. GASTOS E ANUNCIOS

Por conta do adxudicatario.

Moaña, 30 de novembro de 2000.—O Alcalde, Javier Barreiro Tenorio. 973

* * *

NIGRAN

A N U N C I O

Expediente: Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Nigrán.

Número: 2000/090s.

Trámite: Publicación.

Norma de aplicación: Art. 70.2 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Aprobación: Pleno do Concello, en sesión do 29 de setembro de 2000.

Tra-la información pública no Boletín Oficial da provincia do 26 de outubro do 2000 e do 19 de decembro de 2000 quedou elevado a definitivo o mencionado acordo polo que se aproba o expresado Regulamento. O texto do mesmo publícase no Anexo.

A N E X O

Expediente nº: 2000/090s.

Asunto: Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Nigrán.

Procedemento: Aprobación de disposicións de carácter xeral.

REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIONS DO CONCELLO DE NIGRAN

CAPITULO PRIMEIRO DOS HONORES DO CONCELLO

Artigo 1.—1. Os honores que o Concello de Nigrán poderá conferir para premiar especiais mere-

cementos, beneficios sinalados ou servicios extraordinarios prestados ó Municipio serán os seguintes:

- 1.—Nomeamento de Fillo Predilecto do Municipio.
- 2.—Nomeamento de Fillo Adoptivo do Municipio.
- 3.—Nomeamento de Membro Honorario da Corporación.
- 4.—Medalla do Municipio, nas categorías de ouro, prata e bronce.
- 5.—Outras distincións honoríficas.

2.—As distincións sinaladas no parágrafo anterior son simplemente honoríficas, sen que poidan outorgar ningún dereito económico nin administrativo.

Artigo 2.—1. Coa sola excepción de S.M. El Rei, ou Membro da Familia Real, a concesión das distincións honoríficas expresadas deberá ir precedida do cumprimento das normas establecidas no presente Regulamento.

CAPITULO SEGUNDO

DOS NOMEAMENTOS DE FILLO PREDILECTO E DE FILLO ADOPTIVO

Artigo 3.—1. A concesión do título de Fillo Predilecto de Nigrán so poderá recaer en persoas nadas no Municipio, que destacasen de forma extraordinaria por calidades ou méritos persoais ou por servicios prestados en beneficio ou honor do Concello ou do Municipio que alcanzasen consideración indiscutible no concepto público.

2. A concesión do título de Fillo Adoptivo de Nigrán poderá outorgarse ás persoas que, sen haber nacido no Municipio, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

3. Tanto o título de Fillo Predilecto como o de Fillo Adoptivo poderá ser concedido a título póstumo, sempre que no falecido concorresen os merecementos antes mencionados.

Artigo 4.—1. Os títulos de Fillo Predilecto e Adoptivo, que teñen a mesma categoría, constitúen a maior distinción do Concello, polo que a súa concesión farase sempre utilizando criterios moi restrictivos.

2. Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres de cada un deles non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, apreciado pola Corporación, coa maioría dos dous tercios do número legal dos seus membros.

Artigo 5.—1. A concesión de título de Fillo Predilecto e Fillo Adoptivo será acordada pola Corporación Municipal co voto favorable de dúas terceiras partes de membros da mesma, á proposta do al-

calde ou dunha terceira parte de concelleiros e previo expediente, no que deberán quedar acreditados os merecementos que xustifiquen estes honores.

2. Acordada a concesión de calquera dos dous títulos anteriores, sinalarase a data na que se reunirá, en sesión solemne, a Corporación para facer entrega ó interesado do Diploma e da insignia que acrediten a distinción.

3. O expresado Diploma deberá estenderse nun pergamiño artístico e conterá de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión; na insignia figurará, en todo caso, o Escudo de Armas de Nigrán, así como a inscrición de Fillo Predilecto ou de Fillo Adoptivo, segundo proceda.

Artigo 6.—As persoas a quen se concedan os títulos de Fillo Predilecto ou de Fillo Adoptivo do Municipio terán dereito a acompañar á Corporación Municipal nos actos ou solemnidades a que ésta concorra, ocupando o lugar que para iso estea sinalado. A tal efecto, o Alcalde lles dirixirá unha comunicación oficial, na que se lle comunique o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade e participándolles a invitación para asistir.

CAPITULO TERCEIRO

DO NOMEAMENTO DE MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACION

Artigo 7.—1. O nomeamento de Alcalde ou Concelleiro Honorario da Corporación de Nigrán poderá ser outorgado por ésta a personalidades españolas ou estranxeiras como mostra da alta consideración que lle merecen ou correspondendo a distincións análogas das que fosen obxecto a Corporación ou autoridades municipais de Nigrán.

2. Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior mentres vivan tres persoas que sexan Alcalde Honorario ou dez que recibisen o título de Concelleiro Honorario.

Artigo 8.—1. A concesión destes títulos honoríficos será acordada pola Corporación Municipal co voto favorable de dúas terceiras partes de membros da mesma.

O Nomeamento poderá facerse con carácter vitalicio ou prazo limitado polo período que determine a Corporación Municipal.

2. Acordada a concesión destas distincións, procederase na forma que dispón o número 2 do artigo 5º para a entrega ó interesado de diploma e insignia que, neste caso, consistirá nunha medalla idéntica á que usen o Alcalde ou os Concelleiros, segundo o caso.

Artigo 9.—1. As persoas ás quen se lle concedan estes nomeamentos non terán facultade para intervir no Goberno nin na Administración Municipal. Para concederlle-los a estranxeiros requirirase autorización expresa do Ministerio para as Adminis-

tracións Públicas, previo informe do de Asuntos Exteriores.

2. Nos demais actos oficiais que celebre o Concello, ocuparán o lugar preferente que a Corporación Municipal lles sinale e asistirán a eles ostentando a medalla acreditativa do honor recibido.

CAPITULO CUARTO "DA MEDALLA DO MUNICIPIO"

Artigo 10.—1. A Medalla do Municipio é unha recompensa creada para premiar méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras polos servicios prestados ó Municipio, pola súa contribución a difusión do bo nome do mesmo ou pola súa actuación ó servicio dos intereses xerais.

2. Para determinar en cada caso a procedencia da concesión e a categoría da Medalla a outorgar, deberá terse en conta a índole dos méritos e servicios, a transcendencia da labor realizada en beneficio ou honor do Municipio e as particulares circunstancias da persoa proposta para a condecoración, prevalecendo sempre a calidade dos merecementos sobre o número dos mesmos.

Artigo 11.—A Medalla terá as seguintes características nas súas tres categorías:

Será circular, con un diámetro de 50 milímetros. No seu anverso, irá relevante o escudo do Municipio; baixo o escudo correrá a lenda: "Concello de Nigrán". No reverso figurará gravada a data da concesión e o nome do condecorado.

Artigo 12.—1. A concesión da Medalla do Municipio, en calquera das súas categorías, será de competencia do Pleno, requeriéndose para a súa concesión o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal.

2. Cando a concesión se faga en favor de persoal ó servicio desta Administración, serán de aplicación, ademais das normas establecidas neste Regulamento, as contidas na súa lexislación específica.

3. As condecoracións outorgadas serán obxecto dun acto solemne de entrega dos correspondentes diplomas e distintivos.

CAPITULO QUINTO OUTRAS DISTINCIONS HONORIFICAS

Artigo 13.—O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó Municipio, recoñecendo con iso especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

CAPITULO SEXTO DO PROCEDEMENTO DE CONCESION DE HONORES

Artigo 14.—1. A concesión de calquera dos honores ós que se refire este Regulamento requirirá a instrucción previa do oportuno expediente, que sirva para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen aquela concesión. En casos excepcionais, nos que as circunstancias determinen a imposibilidade de tramitalo na forma prevista neste capítulo, o expediente poderá ser substituído por acordo do Pleno debidamente motivado.

2. A iniciación do procedemento farase por Decreto do Alcalde-Presidente, ben por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación ou con motivo de petición razoada dun organismo oficial ou de entidade ou asociación de recoñecida solvencia.

3. No Decreto da Alcaldía designarase de entre os Concelleiros un Instructor, que se ocupará da tramitación do expediente.

Artigo 15.—1. O Instructor practicará cantas dilixencias estime necesarias para investigar os méritos do proposto, solicitando informes e recibindo declaración de cantas persoas ou representantes de entidades poidan subministrar datos, antecedentes ou referencias que conduzan ó esclarecemento de aqueles.

2. Concluída a práctica das dilixencias o Instructor formulará proposta motivada, que se someterá a dictame da Comisión Informativa correspondente do Concello.

3. Corresponde ó Pleno do Concello adoptar a resolución que proceda.

Artigo 16.—1. Un extracto dos acordos da Corporación outorgando calquera dos honores citados deberá inscribirse nun Libro-Rexistro, que estará a cargo do responsable do Protocolo do Concello.

O Libro-Rexistro estará dividido en cinco seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas reguladas neste Regulamento.

2. En cada unha das seccións anteriores, inscribíranse, por orde cronolóxica de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un dos favorecidos, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data desta e, no seu caso, a do seu falecemento.

3. O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste Regulamento coa conseguinte cancelación do asento no Libro-Rexistro, ós quen incorran en faltas que aconsellen esta medida extrema.

O acordo da Corporación en que se adopte esta medida irá precedido da proposta e informe reservado da Alcaldía, e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

Artigo 17.—Os honores que a Corporación poida outorgar a S.M. El Rei ou Membro da Familia Real, non requirirán outro procedemento que a previa consulta á Casa da Súa Maxestade e, en ningún caso, se incluírán no cómputo numérico que como limitación establece o presente Regulamento.

CAPITULO SETIMO
LIBRO DE ORO

Artigo 18.—Créase o “Libro de Ouro do Municipio de Nigrán”, que se destinará a recoller as firmas das personalidades relevantes que visiten a Casa Consistorial, para que quede constancia da súa honrosa presenza.

DISPOSICION ADICIONAL

Mediante acordo plenario aprobarase o deseño das medallas que usarán, respectivamente, o Alcalde e os Concelleiros nos actos solemnes.

DISPOSICION FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor trala súa aprobación, publicación e cumprimento das demais esixencias previas nas disposicións aplicables.

Nigrán, 18 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, José Manuel Rial Cadaval. 991

* * *

PONTECESURES

A N U N C I O

Por resolución da Alcaldía de data 13/12/2000, acordouse nomear Tenente de Alcalde a don Alfonso Diz Villar, en substitución de dona Margarita C. García Castro.

O que se fai público no cumprimento do disposto nos artigos 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Pontecesures, 24 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, Manuel Luis Alvarez Angueira. 912

A N U N C I O

De conformidade co disposto no artigo 93.2 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, faise público que a Comisión de Goberno deste Concello adxudicou a seguinte obra:

— “Saneamento rúa San Lois” á empresa “Construcciones y Viales Sar, S.L. (Covisar, S.L.)”, cun presuposto de 10.000.000 de pesetas.

Pontecesures, 24 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, Manuel Luis Alvarez Angueira. 914

A N U N C I O

Quedando elevado a definitivo, o acordo de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica ó non terse presentado ningunha reclamación, procédese a publicación do texto íntegro da ordenanza, de conformidade co art. 17.4 da Lei 39/88 Reguladora das Facendas locais, e para a súa entrada en vigor o día seguinte ó da publicación do presente anuncio.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO
SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA
NO CONCELLO DE PONTECESURES**

NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 1

1.—O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2.—Considérase vehículo apto para a circulación o que teña sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non cause baixa nos mesmos.

Os efectos deste imposto considéranse tamén aptos para circular, os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.—Non están suxeitos a este imposto os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros indicados no apartado anterior por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza.

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, e que teñan ó seu nome o vehículo no correspondente permiso de circulación.

EXENCIONS E BONIFICACIONES

ARTIGO 3

1.—Estarán exentos do Imposto:

1.1) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, sempre que se atopen adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países,